




Modelos dinámicos para o ensino da Xeometría Descritiva

23 de febreiro e 16 de marzo de 2019
IES A Xunqueira I (Pontevedra)



Organiza:

Asociación Galega de Ensinantes de Debuxo e Artes plásticas
AGEDA

Obxectivos:

- Coñecer a utilidade das ferramentas informáticas e do software para crear trazados paramétricos, interactivos ou xenerativos no desenvolvemento dos contidos de xeometría descritiva de Debuxo Técnico
- Coñecer e valorar as capacidades expositivas, demostrativas, creativas e de trazado técnico da xeometría descritiva con xeometría dinámica.
- Adquirir recursos técnicos para a elaboración de modelos dinámicos interactivos, sacando o máximo partido ás ferramentas que ofrecen as novas tecnoloxías.
- Estudar e valorar en relación aos métodos tradicionais novos procedementos na construción de figuras e resolución de problemas de xeometría descritiva.
- Coñecer e discutir as posibilidades destas novas ferramentas para o uso polo alumnado, o profesorado en aula e/ou a elaboración de recursos de ampliación ou reforzo.

Contidos:

- Elaboración de modelos dinámicos para a representación de figuras en diédrico, axonométrico e cónico con Geogebra.
- Características específicas dos procedementos construtivos nos diferentes sistemas de representación empregando xeometría dinámica.
- Elaboración de construcións para a automatización de cambios de sistema.
- Deseño, construción e uso de gráficos interactivos como medio para a visualización do espazo tridimensional. Aplicación ao estudo dos sistemas de representación.
- Construción e uso de macros.
- Creación de applets e animacións. Exportación de gráficos.
- Trazados interactivos nas webs dinámicas e nas aulas virtuais.

Relatores:

Paulo Porta Martínez

Horacio González Diéguez

Xabier Lorenzo Abalde

Horario:

Sábado, 23 de febreiro

10:00 – 10:15 Recepción e presentación da actividade.

10:15 – 14:00 O traballo sistematizado en Geogebra (I), elaboración dun catálogo de macros para traballar en diédrico e axonométrico.

16:00 – 20:00 Construción de figuras volumétricas en diédrico e axonométrico utilizando o catálogo de macros. Aplicación ao deseño e elaboración de recursos. Posta en común e debate.

Sábado, 16 de marzo

10:00 – 14:00 O traballo sistematizado en Geogebra (II), elaboración dun catálogo de macros para traballar en diédrico e cónico.

16:00 – 19:30 Construción de figuras volumétricas en perspectiva cónica utilizando o catálogo de macros. Aplicación ao deseño e elaboración de recursos. Posta en común e debate.

19:30 – 20:00 Avaliación e peche da actividade.

Nº máximo de prazas:

30 prazas.

Matrícula:

O custo da inscrición é gratuito para os membros da Asociación, e de 25 euros para non asociados. Para formalizar a inscrición debes descargar e enviar cuberto un impreso de matrícula que podes atopar aquí <http://paxina.webageda.org/formacion/>, ao enderezo electrónico formacion@webageda.org.

No caso das persoas non asociadas ademais haberá que realizar un ingreso ou transferencia bancaria na seguinte conta corrente da Asociación Galega de Ensinantes de Debuxo e Artes plásticas: ES13 2080 0376 6730 4001 2171 (Nova Galicia Banco, Stgo. de Chile 13, Santiago de Compostela), indicando o nome da persoa que se matricula como ordenante, e “Obradoiro Xeometría” como concepto.

